

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ECOLOXISTAS EN ACCIÓN GALIZA

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza.

Coa denominación de “ASOCIACIÓN ECOLOXISTAS EN ACCIÓN GALIZA”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

Art. 2 Personalidade e capacidade.

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio.

A asociación establece o seu domicilio social na rúa Camiño do Santo, 31 , 27160 - LUGO, teléfono: 667545075, correo electrónico: ecoloxistasenacciongaliza@gmail.com / galiza@ecoloxistasenaccion.gal

Artigo 4. Ámbito de actuación.

O ámbito territorial no que a asociación vai desenvolver principalmente as súas actividades é o Ámbito Autonómico e poderá colaborar con organismos conservacionistas, ecoloxistas e defensores do ecoloxismo social

Artigo 5. Duración.

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins.

1. Son fins principais da asociación:
 - a) Promover, fomentar e favorecer os estudos sobre a Natureza, Medio Ambiente e Ecoloxía social e que contribúan á divulgación sobre a interdependencia dos ecosistemas naturais e o benestar da poboación e resto de especies animais e vexetais.
 - b) Divulgar os coñecementos adquiridos entre a opinión pública.



- c) Construír alternativas fronte á degradación do medio en xeral, e particularmente cando haxa ameazas sobre lugares de especial interese ecolóxico, especies en perigo ou a calidade de vida da poboación e colaborar na comprensión da crise socioecolóxica global como un fenómeno complexo e sen precedentes na historia da humanidade.
- d) Denunciar o exceso de produción e a falta de sustentabilidade do actual modelo de consumo, divulgando entre a poboación cales son os seus impactos sobre o medio ambiente e o aumento da desigualdade, salientando a necesidade dun modelo de soberanía ambiental, dunha redución nos niveis de consumo e da posibilidade dun modelo orientado á resolución das necesidades humanas que sexa compatible coa capacidade de carga da biosfera e que contribúa á nosa adaptación como sociedade ás consecuencias do cambio climático.
- e) Reclamamos que o traballo se realice en condicións de dignidade, recoñecendo o traballo de coidados e libres de explotación; comprometéndonos cunha sociedade xusta e que garanta o acceso universal aos servizos públicos de interese xeral, como auga, educación, sanidade, vivenda e cultura, que non poden ser tratados como simples mercaderías, senón como parte do contrato social entre cidadanía e responsables públicos.
- f) Apostar pola Agroecoloxía, visibilizando a necesidade dun ordenamento territorial que favoreza a autonomía da súa poboación e o consumo local e de tempada, así como a compatibilidade dos usos humanos coa conservación dos ecosistemas.
- g) Concienciar sobre a necesidade dun modelo enerxético que priorice a autoxestión e a redución nos niveis de consumo, avogando por un horizonte enerxético 100% renovable, descentralizado e democrático.
- h) Difundir a necesidade de recoñecemento dos dereitos dos animais e unha nova ética nas relacións das persoas, o resto de seres vivos e os seus hábitats.
- i) Contribuír á concienciación sobre o impacto das patentes e outras formas de privatización e apropiación da cultura e avances científicos, apostando polo libre acceso á información e as fórmulas non privativas de recoñecemento do traballo intelectual e creativo.
- j) Apostar por un modelo participativo e de cidadanía activa, descentralizando a toma de decisións e deliberación. Defendemos o libre acceso á información e a súa xeración e difusión dende plataformas non controladas polos poderes públicos e/ou económicos.
- k) Fomentar o ecofeminismo de xeito transversal, apostando por situar o coidado de todas as persoas e seres vivos no centro e defendendo un modelo respectuoso. que valora a diversidade e que busca garantir unha sociedade emancipada onde todas as persoas teñan pleno dominio do seu corpo e tempo.
- l) Defender e ensaiar un modelo de resolución de conflitos tanto internos como externos baseado na cooperación, diálogo, confianza e aceptación da diversidade; opoñéndonos á militarización da sociedade e dos seus avances e recursos e ao uso da represión polas institucións públicas.
- m) Achegar fondos para destinar a estes fins.



- n) Realizar todo tipo de actividades coa finalidade de acadar unha efectiva protección do medio ambiente, os ecosistemas e o benestar, así como para promover a educación, información, defensa, representación e promoción dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en xeral, e en particular a súa protección fronte os riscos que poden afectar a súa saúde e seguridade e a súa concienciación respecto da transcendencia ambiental e social das pautas de consumo.
 - o) Atender á solución dos problemas ecolóxicos globais e á interdependencia entre países desenvolvidos e empobrecidos na degradación socio-ambiental, así como denunciar toda forma de colonialismo económico e cultural.
 - p) Rexeitar calquera impedimento á libre circulación das persoas no planeta, defendendo que ningunha persoa é ilegal e apostando por un modelo de sociedade intercultural.
 - q) Promover e colaborar activamente en todas as tarefas encaminadas á conservación e defensa da Ecoloxía Social en xeral recoñecendo a conservación do medio ambiente como un dereito de todos os seres vivos e unha obriga moral dos seres humanos. Con independencia do anterior, esta Asociación terá dentro dos seus fins sociais o da protección e defensa dos bens que forman parte do Patrimonio Cultural e Histórico-Artístico do Estado Español en consideración a que os mesmos forman parte da cultura, tradicións, e crenzas dos distintos ámbitos eco-sociais, para o cal poderá desenvolver todos os tipos de actividades xa mencionadas.
2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:
- a) A edición e difusión de boletíns, circulares, libros ou revistas, proxeccións, memorias, informes, manifestos, notas de prensa, estudos, celebración de conferencias, coloquios, debates, cursos, manifestacións ou roldas de prensa.
 - b) A asignación de fondos para os proxectos que elabore.
 - c) A creacións de pensións, bolsas, premios, museos e exposicións
 - d) Organización de visitas de observación ao campo, colectivas ou en pequenos grupos.
 - e) Organización de delegacións provinciais.
 - f) Proponer á Administración reservas ou espazos naturais protexidos.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 7, Requisitos.

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
2. As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito.
3. Os menores de máis de 14 anos non emancipados necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
4. As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

Artigo 8. Clases de persoas asociadas.

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a) Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas persoas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asamblexa Xeral.

Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada.

1. A condición de asociado ou asociada pérdese:
 - a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
 - b) Por falta de pagamento de 6 cotas, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado.

A persoa que perdese a súa condición de asociada polo suposto sinatado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.
 - c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
 - d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.



2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 10. Dereitos.

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 11. Obrigas.

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos se establezan.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. Organización da asociación.

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 13. Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria.

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias. A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico. As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.
2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.
3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.

Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 16. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.



- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación

Artigo 17. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria.

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 18. Adopción de acordos

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva.
- b) Acordo para constituir federacións e para integrarse ou separarse delas.
- c) Disolución da asociación.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación,

3. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

Artigo 19. A Xunta Directiva: Composición.

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará formada por: Presidente/-a, Vicepresidente/-a, Secretario/-a, Tesoureiro/-a e Vogais, designados pola



Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de 4 anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.
3. Os cargos que componen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuita, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.
4. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:
 - a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
 - b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico
 - c) Resolución xudicial.
 - d) Renuncia voluntaria.
 - e) Perda da condición de persoa asociada.
 - f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
 - g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros

5. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

Artigo 20. Reunións e acordos.

1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes.
2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario ou as persoas que os substitúan.
3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidente.

Artigo 21. Facultades da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da Asemblea.
- d) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior
- e) Convocar e fixar as datas das Asembleas.



- f) Proponerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso de asociados/as.
- j) Proponer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 22. Obrigas documentais.

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de asociados e asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 23. Presidente/a.

A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaria ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 24. Vicepresidente/a.

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de



ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 25. Secretario/a.

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:
 - a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
 - b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
 - c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes.
 - d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace do presidente/a, así como emitir informes.
 - e) Redactar o inventario de bens da asociación.
 - f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
 - g) Cumprir coas demais obrigas documentáis nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia

Artigo 26. Tesoureiro/a.

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:
 - a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
 - b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conformidade da presidencia.
 - c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.
 - d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
 - e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea.
 - f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 27 Vogais.

Os demais membros da Xunta Directiva, terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.



CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28. Patrimonio inicial.

A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 29. Recursos económicos.

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 30. Contas anuais.

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 31. Destino de ingresos a fins da asociación.

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 32. Regulamento de réxime interno.

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos. O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 33. Disolución.

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 34. Liquidación.

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. Os membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde aos liquidadores:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrals.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia:

D.^a Nery Díaz Prieto, titular da Presidencia, e D.^a Concepción Carballés Vázquez, titular da Secretaría da Asociación Ecoloxistas en Acción Galiza, fan constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada en data 27 de maio de 2023, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Lugo, a 20 de Xuño de 2023

A Secretaria

A Presidenta

Concepción Carballés Vázquez

Nery Díaz Prieto